



SOLICITUDE

VENDA DE PRODUTOS HORTOFRUTÍCOLAS NA PRAZA DE ABASTOS

SOLICITANTE:

nome e apelidos	DNI	
en representación de	DNI / CIF	
endereço para notificacións (rúa, número, portal piso, porta)	código postal	
concello	teléfono	correo electrónico

EXPÓN:

Que desexo exercer a venda ambulante no Concello de Rianxo, motivo polo que, de conformidade coa Ordenanza Municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria (BOP 30/07/2013), en diante OMVA,

DECLARO:

- Que cumpro cos requisitos esixidos no artigo 5 da OMVA (recóllense no reverso deste formulario).
- Que o produto que pretendo vender, caso de ser autorizado, que provén de colleita propia, será:
- Que vou exercer directamente a venda solicitada, e de xeito excepcional, no meu nome, o meu cónxuxe ou fillos.
- Que de ser autorizado cumprirei coas obrigas e demais aspectos determinados na OMVA.
- Que para a obtención da autorización me atopo nos seguintes casos de circunstancias preferentes (artigo 6.1.OMVA), o que acreditarei de recibir a comunicación favorable municipal:
 - a situación económica do solicitante e da unidade familiar da que, no seu caso, forme parte.
 - residencia no termo municipal de Rianxo.
 - pertenza a colectivos que precisan de integración laboral.
 - posesión da tarxeta acreditativa de estar inscrito na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio.

SOLICITO:

comunicación favorable para continuar coa tramitación cara á autorización de venda ambulante ou non sedentaria no mercado periódico por 5 ANOS

Sinatura de solicitante (ou representante, achegando autorización asinada ou poder notarial), e data:

Rianxo, de de

NOTAS PARA O EXERCIZO DA VENDA DE PRODUTOS HORTO-FROTICOLAS

Réxime de solicitude de autorización de venda ambulante ordinaria (arts. 5, 7, 17 e 18 da OMVA)

1. A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en formulario normalizado que se entregará no rexistro municipal.

2. De recibir a comunicación favorable á solicitude de autorización, o solicitante deberá presentar no prazo de 10 días hábiles desde o seguinte á súa recepción a documentación que se indica para obter a autorización:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade e da tarxeta do número de identificación fiscal. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.

b) Declaración de quen vai ser a persoa que vai exercer directamente a venda ambulante no posto. De ser un traballador dependente do solicitante, deberá presentar a alta deste na Seguridade Social.

c) Fotocopia de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social.

d) Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.

No caso que se alegaran as circunstancias preferentes para a obtención de autorización presentaranse os documentos orixinais acreditativos para a súa comprobación.

De non se presentar toda a documentación citada no prazo concedido trala comunicación favorable o solicitante disporá de 10 días hábiles para emenda-lo defecto, debendo presentar toda a documentación necesaria para completar a solicitude; no caso de non presentar a citada documentación, considerarase que desiste da súa petición arquivándose sen máis trámite.

Asemade deberá:

- Aboar as taxas ou tributos municipais fixados ao respecto, que se liquidaran mensualmente (podendo ser o pago trimestral ou semestral)

Contido da autorización.

O Concello de Rianxo expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se fará constar:

- Identificación do titular ou da persoa autorizada que vaia desenvolver-la actividade en substitución do titular, xunto co seu enderezo.
- Modalidade de comercio ambulante para a que se habilita a autorización.
- Identificación numérica do posto, así como especificación de superficie lineal ocupada.
- Produtos autorizados para a venda.

Esta autorización, orixinal ou copia cotexada, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

Esta autorización terá un período de vixencia de cinco anos, renovable automaticamente pero podendo ser revocada por incumprimento do presente regulamento ou das ordenanzas municipais.

A venda de produtos agrícolas de temporada a poderán levar a cabo as persoas físicas aínda no caso de que non se dediquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo, sempre que sexan eles os produtores e reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda establece esta ordenanza.

Actividades permitidas.

Permíteselle a venda de produtos agrícolas excedentes de tempada que proveñan exclusivamente da súa horta, tales como froitas, verduras, hortalizas ou flores.

Queda prohibida, en consecuencia, a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, lonxas ou a outras persoas e, en xeral, de todos aqueles que teñan unha orixe diferente da horta propia.

Da autorización e circunstancias preferentes para a súa obtención.

Para poder exercer este tipo de venda é necesaria estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e intransferible, pero, por causa debidamente xustificada, e de xeito excepcional, poderá actuar en nome da persoa titular, o seu cónxuxe ou fillos.

Poderán solicitar esta autorización unicamente as persoas físicas que sexan propietarias ou teñan dereito de aproveitamento dalgún tipo de terra de labor na que produza as especies que se pretende vender.

Non poderá acadar este tipo de autorización ningún profesional da venda nin ningunha persoa que no produza por si as mercadorías que vai vender.